

SAÍDA DE FIN DE SEMANA, 30 DE ABRIL - 1 DE MAIO.

Monitor: Isidoro García.

RUTA 1:

COUTO MIXTO - CAMIÑO PRIVILEXIADO - TOUREM (Portugal) - RUTA DO CONTRABANDO

FECHA : 30 de Abril 2016

DISTANCIA : 22 km.

DESNIVEL : 90 m.

DIFICULTADE : Baixa.

O COUTO MIXTO conforma un territorio duns 27 km. cadrados dentro dos actuais Concellos Ourensans de Baltar e Calvos de Randín.

A súa importancia e singularidade histórica baseábase na chea de privilexios dos seus habitantes, os cuales podían escoller nacionalidade (española ou portuguesa), estaban ceibes de pagar impostos, tiñan inmunidade dentro do COUTO, podían levar armas, etc, etc, etc.

O COUTO MIXTO remonta a súa orixe ao século XII e perdura ata o XIX, xa que no ano 1864 polo tratado de Lisboa queda anexionado definitivamente a España desaparecendo a entidade como tal e mais toda-las suas particularidades e privilexios.

Os tres pobos que comprenden o COUTO MIXTO son MEAUS (antigo centro do comercio), SANTIAGO DE RUBIÁS (que ostentaba a capitalidade do COUTO) e RUBIÁS DOS MIXTOS. MEAUS está hoxe encadrado no Concello de Baltar, mentras que SANTIAGO e RUBIÁS pertencen ao Concello de Calvos de Randín.

Escomenzamo-la nosa andaina en MEAUS, o primeiro dos tres pobos do COUTO MIXTO, e andaremos-lo "camiño antigo" ata SANTIAGO DE RUBIÁS, antiga capital do COUTO. Visitaremos-la Igrexa onde se atopa o ARCA cos documentos da memoria histórica do COUTO MIXTO.

Dende eiquí po-lo percurso do "CAMIÑO PRIVILEXIADO" camiñaremos ata RUBIÁS DOS MIXTOS (o derradeiro pobo do Couto) e seguindo o CAMIÑO PRIVILEXIADO continuaremos ata TOUREM, en Portugal, onde remata.

Logo dunha parada para xantar e visita-lo pobo, enlazaremos coa RUTA DO CONTRABANDO que nos levará de volta a España. Percorreremos esta Ruta ata perto de Randín, deixándoa para continuar (a traveso dunha corta subida) ata o Monte do Castro onde colleremo-lo camiño de Paradela a RUBIÁS rematando a nosa camiñada de hoxe.

Xa no bus marcharemos ata Lobios onde temo-lo aloxamento no Hotel Lusitano, cea e almorzo incluídos.

RUTA 2 :

VÍA NOVA (VÍA XIII do ITINERARIO de ANTONINO)

FECHA : 1 de Maio 2016

DISTANCIA : 19 km.

DESNIVEL : 506 m.

RUTA CIRCULAR

DIFICULTADE : Media.

A ruta (encadrada dentro do PARQUE NATURAL DA BAIXA LIMIA - SERRA DO XURÉS) percorre un tramo, parcialmente restaurado, desta milenaria vía romana que unía as cidades de BRACCARA AUGUSTA (a actual Braga portuguesa) con ASTÚRICA AUGUSTA (a actual Astorga) a traveso duns 300 km.

O ancho orixinal da vía acadaba arredor dos 5 m, chegando nalguns tramos ata os 11m. O desnivel máximo do 6% facilitaba dabondo o tránsito de carruaxes e bestas.

Escomenzamo-la ruta no aparcadoiro do Balneario do Río Caldo en Lobios (Ourense) ascendendo po-la Calzada Romana da VÍA NOVA ata a PORTELA DO HOME na fronteira portuguesa.

No noso percorrido pasaremos por un conxunto de MILIARIOS. Estes MILIARIOS marcaban a distancia cada 1.000 pasos romanos (pasos dobles de 148 cm.) que son a orixe da actual MILLA.

A altura orixinal dos miliarios variaba entre os 2 e os 4 metros e a sua anchura entre os 50 e os 80 cm.

Nesta VÍA XIII dase a meirande concentración de MILIARIOS de Europa (uns 281).

No descenso andaremos a carón da espectacular ferverza "A Corga da Fecha", sen dúbida unha das maiores de Galicia e continuaremo-la baixada por un vieiro duro e irregular que fai imprescindible o uso de bastons.

O remate podremos darnos un baño na piscina de auga termal si daquela trouxemos bañador, toalla e chanclas.

Precios:

Preinscripción: 20€

Precio final socios federados: 90€











